

# EXPOSICIÓN FOTOGRAFICA

Inauguración o xoves 9 de setembro de 2010, ás 20.30 h,  
na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”  
dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo)

**Interveñen:**

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.  
Carlos Pereira Martínez, historiador.  
Luis López “Gabú”, fotógrafo.

Do 9 de setembro ao 9 de outubro de 2010.

**Horario:**

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.  
Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.



*VUDÚ, CAMIÑO NEGRO DE  
SANTIAGO  
DE LUÍS LÓPEZ GABÚ*



## **Presentación**

Hai xa once anos que nesta Sala tivemos ocasión de coñecer a obra pictórica de Luis López "Gabú", así como parte da súa colección particular de arte africano. Foi unha exposición que significou para Luis o inicio dunha nova etapa, obtendo importantes éxitos posteriormente.

No ano 2005 volvemos contar co seu traballo, neste caso fotográfico, coa exposición "Vudú e contexto no inferno haitiano".

E agora tráenos a exposición "Vudú, o camiño negro de Santiago" (exposta hai un ano na Fundación Granell), unha das exposicións que organizamos con motivo do Xacobeo 2010.

Excelente fotógrafo, a súa cámara, guiada polo espírito aventureiro do artista, -que nos lembra aos exploradores do século XIX-, inténase en territorios onde o risco, mesmo de perder a vida, é real. Aínda así, consegue realizar unhas fotografías de altísima calidade artística, que nos sobrecolen coa súa beleza, mesmo cando nos amosa cerimoniais con rituais asombrosos.

Estamos seguros de que ninguén que se achegue a contemplala poderá esquecer estas fotografías.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## **Datos biográficos:**

José Luis López Gómez, "Gabú", nace na Coruña en 1963. A súa obra artística baséase na influencia das súas estancias en África Subsahariana (Guinea Bissau, Guinea, Mauritania, Senegal, Malí), Etiopía, Somalia, O Magreb, Amazonia brasileira, Colombia, Cuba, Santo Domingo, Haití e en Indochina (Birmania, Tailandia, Laos e Vietnam). Froito destas viaxes son os seus proxectos "Vudú, o camiño negro de Santiago", "Cristiáns puros de África", "Madrasas africanas", "Burdeis de Asia" ou "Asia, desexando amar..."

Ten obtido diversos premios no Salón de Outono de Pintura (seleccionado en 2006), Bial da Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario (2º premio en 2008) ou o 1º premio na X edición do Certame de Artes Plásticas "Díaz Pardo" da Deputación da Coruña. Tamén ten participado nas edicións dos Encontros de Pintura e Poesía do Pazo de Mariñán e de Culleredo, e realizado os proxectos fotográficos do Simposio

Internacional de Escultura da Deputación da Coruña, celebrados no Pazo de Mariñán (2006 e 2007).

Obra súa figura en coleccións do Museo Nacional de Antropoloxía, Ministerio de Traballo, Fundación Caixa Galicia, Deputación da Coruña, Endesa, Concello de Culleredo ou Concello de As Pontes.

## **Exposicións individuais:**

2010: Museo das Peregrinacións (Santiago); Casa da Parra (Santiago).  
2009: Museo do Pobo Galego (Santiago); Moret Art (A Coruña);  
2008: Museo Nacional de Antropoloxía (Madrid).  
2007: Consulado de España en Hannover (Alemania); Pazo da Cultura (Pontevedra); Galería Pardo Bazán (A Coruña); Galería Arte Imagen (A Coruña).  
2006: Fundación Granell (Santiago); Museo Nacional de Antropoloxía (Madrid); Galería Pardo Bazán (A Coruña); Fundación Araganey (Santiago); Centro Cultural de Italia (Santo Domingo).  
2005: Biblioteca González Garcés (A Coruña); Galería Arte Imagen (A Coruña); Biblioteca Provincial de Lugo (Lugo); Museo dos Muñíos (Culleredo).  
2004: Castelo de Santa Cruz (Oleiros); Sala de exposicións Forum Telecom (Lisboa).  
2003: Galería Sargadelos (Vigo).  
2002: Galería Arte Imagen (A Coruña).  
2001: Galería Sargadelos (Lugo).  
1999: Fundación Araganey (Santiago); Museo dos Muñíos (Culleredo).

## **Últimas exposicións colectivas:**

2009: Fundación Caixa Galicia (Ferrol).  
2008: Kiosko Alfonso (A Coruña); Fundación Caixa Galicia (A Coruña).  
2007: Fundación Luís Seoane (A Coruña); PALEXCO (A Coruña).  
2006: Fundación Caixa Galicia (A Coruña); Fundación Luís Seoane (A Coruña).  
2005: FITUR (Madrid).  
2004: Galería Actual (Madrid); FITUR (Madrid); Casa de Cultura de Barrañain (Navarra); Centro Cultural Caja España (León).  
2003: Sala de exposicións HYMSA (Barcelona); Galería Siena (San Juan de Puerto Rico).